

CLIL, aprender idiomas con sentido e de xeito natural

É imposible falar de David Marsh sen referirnos a CLIL (Content and Language Integrated Learning), termo que en español foi cuñado como AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras), unha corrente da lingüística aplicada que propugna a aprendizaxe das linguas estranxeiras a través de currículos funcionais e integrados noutras materias. Marsh considera que este xeito de enfocar os estudos lles proporciona aos alumnos unha maior motivación e os coloca nas mellores condicións para transferir o aprendido a situacións cotiás.

Texto: **Gena Borrajo**

Fotografía: **Fernando Bellas**

Que é, exactamente, CLIL?

É un xeito de traballar as linguas, baseado en dous piares: a aprendizaxe do contido e a competencia comunicativa. Iso implica aprender as linguas estranxeiras a través doutras materias, como a historia ou as ciencias. Deste modo os contidos non se tratan de maneira illada como se viña facendo tradicionalmente.

Ten que ver co enfoque comunicativo da lingua?

O enfoque comunicativo funcionou durante moito tempo e abriu un camiño

moi interesante ao permitir que os alumnos puidesen experimentar o uso do idioma con certo sentido. Pero CLIL vai moito máis alá porque utiliza a lingua estranxeira como ferramenta para a aprendizaxe, o que resultou ser unha das súas calidades máis prometedoras. Trátase de que os alumnos, ademais de comunicarse na lingua estranxeira, aprendan a pensar nela e a través dela.

Como dan ese paso cara ao pensamento?

En CLIL dáselles prioridade ás destrezas orais, á comprensión e á expresión, mais

Trátase de que os alumnos, ademais de comunicarse na lingua estranxeira, aprendan a pensar nela e a través dela

o traballo céntrase en contidos reais que cómpre discutir, comprobar e contrastar; iso asociado a unha lingua estranxeira que o pensamento fai súa. Por outra



David Marsh

banda, todo transcorre nun ambiente moi relaxado. Poderíase dicir que se fomenta moito a acción e que se respectan os tempos necesarios para pensar sobre o que se fai e o que se di.

Se tivese que salientar un dos puntos fortes de CLIL...?

Penso que o máis significativo é que consegue enganchar os nenos. Esta forma de aprender resúltalles divertida porque manexan a lingua de xeito auténtico e en situacións reais. Os rapaces descubren rapidamente a súa utilidade, aprenden sen se decatar e sen

necesidade de esforzos adicionais, o que os motiva de verdade.

Danlle moita importancia, logo, á educación afectiva...

Non unicamente ao afectivo, senón tamén ao social. Pensamos que é moi importante que os alumnos se eduquen nun ambiente de relación e seguridade. En CLIL créase un ambiente de intercambios moi positivo. Unha das estratexias consiste en agrupar os alumnos que teñen intereses diferentes, para que o ámbito sexa máis enriquecedor. Os nenos vanse

cambiando de grupo para favorecer a aprendizaxe entre os que pensan diferente e para aprender a convivir. Deste modo xérase un bo ambiente. Todo iso contribúe a que se presten apoio uns a outros e a que se sintan máis seguros.

As directrices de Europa apuntan cara á adquisición dunha competencia plurilingüe no alumnado. En que medida CLIL contribúe a logralo?

Se nos referimos a CLIL como un enfoque para lograr obxectivos

En CLIL apoiamos os idiomas patrimoniais, os idiomas das minorías non inmigrantes e o restablecemento das linguas nacionais e dos dialectos

plurilingües, temos que falar de catro intervencións profesionais: o ensino da materia que se imparte noutro idioma distinto ao materno, o ensino dese idioma, o ensino formal na lingua materna e o ensino formal noutras linguas. Por outro lado, hai que pensar que a adquisición dun idioma se produce cando o aprendiz necesita facer un esforzo para extrapolar o significado,

o que en CLIL vén facilitado pola exposición a achegas con sentido. Tamén nisto xoga un papel importante un clima que favoreza un bo equilibrio afectivo dos estudantes.

O galego é a lingua propia de Galicia, un idioma que trata de abrirse camiño a pesar das dificultades. Corremos o risco de





Unha pronta exposición aos sons de linguas estranxeiras resulta moi beneficiosa para a posterior adquisición das mesmas

que quede relegado ante o auxe das linguas estranxeiras?

En absoluto. Para lograr os obxectivos da educación plurilingüe, CLIL inclúe apoio aos idiomas patrimoniais, á revitalización dos idiomas das minorías non inmigrantes e ao restablecemento das linguas nacionais e dos dialectos.

Con respecto ás minorías, a diversidade lingüística que se dá hoxe nas aulas é un problema?

Non. CLIL ten unha grande versatilidade e non se pode falar dunha única metodoloxía, senón de diversidade de opcións. Todo depende dos resultados plurilingües que se persigan e da diversidade á que nos enfrontemos, porque aquí o grupo conta e moito. Nos ámbitos multiculturais que, en principio, poden parecer complicados, CLIL contribúe á consecución de moi bos resultados, xa que a aprendizaxe nunha lingua que non sexa a materna, se percibe como algo moito máis natural.

A partir de que idade se pode empezar a traballar nesta liña?

Non existen datos exactos, pero nunha comunidade bilingüe como Galicia, o ideal é que os nenos empecen en terceiro ou en cuarto de primaria. De todos os xeitos, todo depende das circunstancias e, talvez nalgúns casos se poida comezar antes. Hay escolas que aplican CLIL en forma de “duchas idiomáticas”, a través das que os rapaces se expoñen a certas formas de uso. Normalmente faise a través dos xogos. A estratexia funciona moi ben para estimular o interese polo idioma que se pretende ensinar, e para que os alumnos descubran o seu valor práctico e poidan velo como algo máis que unha mera materia.

Precisamente en Galicia o obxectivo da Consellería é que todos os nenos e as nenas teñan acceso, xa aos tres anos, á lingua estranxeira. Que opina vostede?

Paréceme moi ben que os alumnos teñan contacto cunha lingua estranxeira dende idades moi temperás. Está demostrado que sacan moitas vantaxes cando se expoñen pronto aos sons doutras linguas. Pero aquí quero remarcar que esta exposición debe ser á fonética, non me refiro ao feito de ensinarlles propiamente a lingua.

Quen son os mellores aliados de CLIL?

As demandas poden vir do profesorado, pero en primaria tamén as familias piden estas ensinanzas para os seus fillos. Cada vez cala máis a idea de que as habilidades en idiomas son requisito previo para a internacionalización. Nesta etapa a opinión dos pais adoita ter moito peso, e consideran que é importante que os seus nenos adquiren competencias en idiomas estranxeiros. Entenden que favorece o seu acceso a estudos posteriores e a mesma inserción no mundo do traballo. Ademais adoitan mencionar que desta forma se lles amosa unha visión máis ampla do mundo e se lles axuda a aceptar a diversidade cultural con maior facilidade.

Di que as familias en primaria toman posición por CLIL, que ocorre en secundaria?

En secundaria a iniciativa parte a miúdo dos propios centros educativos, do profesorado. Xeralmente empézase a dar unha materia, ou parte dela, nun idioma estranxeiro. Ao funcionar ben, o experimento difúndese por todo o centro e cada vez son máis as materias que se traballan en lingua estranxeira.

Non cre que a organización actual do currículo dificulta este enfoque?

Si, é verdade que os currículos tan compartimentados non favorecen as aprendizaxes ás que me refiro. Pero non hai que esquecer que o futuro está na intercurricularidade. De feito, o inglés xa se empeza a utilizar nos campos da transversalidade, é dicir, como vehículo para a aprendizaxe intercurricular. Iso significa que non se trata tanto de empregar a lingua estranxeira para aprender algunhas materias, como de aprender aspectos relevantes en linguas estranxeiras. Por exemplo, tratar cuestións relacionadas coa interculturalidade, ou co medio e o cambio climático, pode ter maior sentido se se fai dende diferentes linguas, porque permite que os alumnos

Non se trata tanto de empregar a lingua estranxeira para aprender algunhas materias, como de aprender aspectos relevantes en linguas estranxeiras

se sitúen mellor nos escenarios dos demais.

Detecta necesidades na formación do profesorado para educar dende esta perspectiva tan integradora?

Por suposto. En Alemaña e en Austria, por exemplo, os profesores están dobremente cualificados porque teñen unha titulación en lingua estranxeira e outra en materia curricular. Aínda así, non están cualificados para ensinar CLIL. Penso que a formación debe procurar que conflúa teoría e práctica. Os que xa o están aplicando nas aulas poden achegar a súa experiencia, pero tamén se debe contar coa axuda dos expertos externos, dos investigadores; é dicir, aproximar a investigación aos aspectos máis pragmáticos.

Vostede nace en Australia, fórmase en Reino Unido e leva 20 anos establecido en Finlandia. Esta experiencia persoal influíu á hora de investigar?

Non. Aínda que dalgún xeito, si. Hai case vinte anos, eu vivía en Malaisia, concretamente en Singapur. Daquela nas escolas tratábase de ensinar en inglés e puiden observar que a posta en marcha deste proxecto levaba consigo moitos erros. Nese momento trasladóme coa miña familia a Finlandia e o ministro de Educación deste país fórmulame a súa preocupación porque os alumnos aprendían idiomas, pero non os poñían en práctica. O reto que me formula é conseguir que os rapaces e as rapazas finlandesas adquiren confianza e se lancen a usalos. Nese contexto pregúntame se é posible facer unha inmersión lingüística. Eu tamén contaba coa miña mala experiencia infantil como alumno. Pódese dicir que iso axudou a que aceptase a proposta e aí principiou todo.

Finlandia é hoxe o espello no que nos miramos polos seus excelentes resultados en PISA, cal cre que é o segredo do seu éxito?

En Finlandia o profesorado non gaña moito diñeiro, pero ten unha boa formación e é moi respectado. Eu considero que o respecto dos pais e da sociedade, en xeral, é esencial para un bo funcionamento do sistema. Por outra banda, en Escandinavia, en xeral, aos nenos ensínaselles a ser responsables dos seus propios actos, o que fai que os profesores non se vexan obrigados a dar ordes, nin a aplicar medidas represivas. Dende pequenos, os alumnos e as alumnas saben moi ben o que han de facer e cales son as súas responsabilidades. Traballan en grupo e descubren que, se non fan a tarefa que teñen encomendada, ou se molestan, alguén se verá prexudicado polas súas accións. Digamos que as relacións humanas nos colexios están moi fundamentadas no respecto.

Afirma que o profesorado é moi respectado. Como cre que gaña ese respecto?

O respecto ao profesor conséguese pouco a pouco, pero pode perderse moi de prisa. En Inglaterra e en Suecia aconteceu isto. En Inglaterra foi Margaret Thatcher quen desprestixiou a profesión. En Suecia, durante anos, o goberno era responsable de todo; aos profesores dábaselles todo feito e o seu protagonismo pasaba a un segundo plano, o que fixo que a importancia do mestre perdese peso.

Que cómpre facer para recuperar ese recoñecemento social?

A escola debe ser quen de mostrar o seu traballo. Se os pais e os alumnos se convencen da importancia que ten o que se

Aproximar o centro á familia é a pedra angular, de aí que nos colexios nos que se traballa CLIL, se potencien moitísimo as relacións cos pais e coas nais


fai nos centros educativos, é posible que se reconquiste o recoñecemento social do mestre. Por iso precísase aproximar o centro ás familias. Para nós esta é a pedra angular. De aí que nos colexios nos que se traballa CLIL, se potencien moitísimo as relacións cos pais e coas nais.

Dispón de datos obxectivos sobre os resultados do éxito atinxido con CLIL?

As investigacións sobre a competencia alcanzada polos alumnos que traballan con CLIL aínda son escasas. Existen estudos lonxitudinais, desenvoltos nos Países Baixos e en Alemaña, que demostran o seu impacto no rendemento escolar, tanto na lingua estranxeira, como na materia non lingüística. Tamén moitas escolas, coa axuda de expertos externos nalgúns casos, levaron a cabo numerosos traballos de campo. Ambas as dúas experiencias teñen moito valor, en tanto que nos permiten coñecer a situación de xeito empírico. É verdade que estes estudos son específicos do contexto e limitan considerablemente a posibilidade de extrapolar os seus resultados a outros alumnos e escolas do ámbito da Unión Europea. De aí que vexa a necesidade de que se realicen investigacións que fornezan datos obxectivos sobre como optimizar a posta en marcha de CLIL nos diferentes países e contextos.



David Marsh



David Marsh é un cumprido cabaleiro. Realizamos a entrevista coa tradutora de par nosa, cousa que, en principio, condiciona a fluidez na relación entrevistadora-entrevistado. Aínda así, Marsh deu mostra dos seus enormes dotes de comunicador, recorrendo a xestos, sorrisos e miradas cargadas de complicidade. Aberto e franco, conseguiu transmitir, de maneira práctica, como a diversidade lingüística, ben xestionada, pode aproximar mundos diferentes.

Posúe unha dilatada experiencia tocante á formación do profesorado, ao desenvolvemento de capacidades, á investigación e ao asesoramento en diferentes países de África, Europa e Asia.

Dende o ano 2005 ao 2008 levou a cabo diferentes traballos relacionados coa educación e co desenvolvemento curricular.

Na actualidade exerce como formador no Centro de Educación Continua en Jyväskylä (Finlandia) e é director estratéxico de CCN (Cil Cascade Network).

David Marsh leva traballando sobre multilingüismo e educación bilingüe dende os 80. Foi membro do grupo de expertos cuxo traballo levou ao lanzamento do termo CLIL en 1994. No 2002, coordinou a produción CLIL- The European Dimension: Actions Trends and Foresight Potential para a Comisión Europea (DG EAC). Esta análise da situación do modelo CLIL en Europa foi utilizada no plan de acción 2004/2006 de Promoting Language and Linguistic Diversity.

Algunhas das súas obras

COYLE, D. & MARSH, D. & HOOD, P. (2007 in progress) *Conceptualizing CLIL*. Cambridge, Cambridge University Press.

MARSH, D. & WOLFF, D. (Eds.) (2007) *Diverse Contexts -Converging Goals: CLIL in Europe*. Frankfurt, Peter Lang.

MARSH, D., MALJERS, A. & WOLFF, D. (Eds.) (2007) *Perspectives on Content and Language Integrated Learning in Europe*. Council of Europe and European Platform for Dutch Education: den Haag (published April-May 2007).

MARSH, D., MALJERS, A. & A-K HARTIALA (Eds.) (2001) *Profiling European CLIL Classrooms*. UNICOM, University of Jyväskylä & European Platform for Dutch Education: den Haag.

MARSH, D. & MARSLAND, B. (Eds.) (1999) *CLIL Initiatives for the Millennium*. CEILINK, University of Jyväskylä.